

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ____ Data: _____

O outro día, a nai de Filipe, que vive no noso edificio, veu falar coa miña nai:

—Quería convidar os teus nenos ao aniversario de Filipe...

—Bárbaro! Mándochos, si! —soltou a miña nai—. E logo cando é a festa?

Ela explicoullo e deulle todos os datos. Mais despois engadiu, coma quen pide un favor:

—O padriño de Filipe pensaba facerlle un agasallo especial, unha bicicleta ou un xogo, algo así. Pero el non quere. Só quere unha ponte coma a de Henrique. Foi o que el escolleu. E non atopamos tenda ningunha onde a vendan...

Claro! É ben listiño, Filipe! A ponte é a cousa máis marabillosa do mundo. Si. É unha ponte marabillosa. Serve para as persoas, os cochiños e os animais. Pódese converter nunha estrada. E pode pasar por riba e mais por debaixo de todo.

Ana María MACHADO

1. Que regalo quería Filipe?

Unha ponte como a de Henrique.

2. Que pasa co regalo que quere Filipe?

Que non hai tenda que a venda.

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

3. Onde viven os rapaces do conto? Marca a opción correcta e responde.

Casa

Piso

- Por que o sabes? **Porque viven nun edificio.**

4. Quen quería facerlle un agasallo especial a Filipe? Debuxa ese agasallo.

A súa nai.

Debuxar aquí.

5. Completa.


É unha ponte **marabillosa**. Serve para as **persoas**, os **cochiños** e os **animais**. Pódese converter **nunha estrada**. E pode pasar por **riba** e mais por **debaixo** de todo.

6. Como cres que será esa ponte? Descríbea. **Resposta libre.**

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

7. Escribe os nomes comúns da imaxe e inventa uns propios para as persoas e seres vivos que aparecen.



Casa, árbore, horta, etc.

Resposta libre para os propios.

8. Completa con o ou a.

O meu amigo Xurxo é médico. A súa consulta está en Lalín. O sábado pasado tiven que chamalo. Fun eu e a miña filla. Ela tiña o ollo moi inflamado. Ao final era unha alerxia.

9. Escribe dúas palabras que se correspondan co que se indica. Resposta libre.

- Substantivo común feminino _____
- Substantivo propio masculino _____
- Substantivo propio feminino _____
- Substantivo común masculino _____

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

10. Completa con ? ou !.

—Como estás despois do partido?

—Moi mal! Tiven unha lesión!

—Non me digas! Entón, que pasou?

—Torcín un xeonllo.

—Tes que operalo?

—Ao final non, menos mal! Levei moito susto!

11. Escribe unha oración interrogativa e unha exclamativa coas palabras vaca e cadela. Resposta libre.

- _____
- _____
- _____
- _____

12. Completa con pr ou pl.

prato

pleno

pregón

placa

planeta

prazo

comprar

completo

13. Completa con cr ou cl.

• Cravou un cravo na tecla do piano

• Vai un día claro, a crista do galo loce moito.

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

14. Debuxa unha galiña e marca nela a crista, as plumas e o peteiro.

Debuxar aquí.

15. Resolve as adiviñas.

Dúas pinzas teño,
cara atrás camiño,
de mar ou de río
na auga vivo.

É un cangrexo.

Un só porteiro,
un só inquilino,
a túa casa redonda
lévala contigo.

É un caracol.

16. Escribe unha oración con cada palabra. Resposta libre.

esporón

lombo

peteiro

pouta